

INSTRUCCIÓN PARA O DEPÓSITO E A DEFENSA DOS TFG

Todo o proceso relacionado co depósito e defensa do TFG realizarase de forma virtual, atendendo ás seguintes instrucións:

DEPÓSITO

1. Aqueles/as que vaian defender o seu traballo na convocatoria extraordinaria deberán facer o depósito do traballo, de acordo co establecido no calendario aprobado, **antes do 4 de novembro**.
2. Deberán remitir o traballo por correo electrónico, ao enderezo do Decanato sdfcee@uvigo.es nun arquivo con título TFGapelidosnome. Poden facelo nun documento pdf ou noutro formato que consideren. Indicarase se o/a alumno/a cursa a titulación de ADE, Economía ou o Dobre Grao ADE-Dereito. Lémbrales que o documento que remitan será o definitivo, que será remitido posteriormente ao tribunal, polo que, **non se admitirán cambios posteriores**.
3. No correo que se envíe ao Decanato co TFG deberán xuntar tamén o documento de *Solicitud de tribunal* (que pode descargarse na web da facultade <http://fccee.uvigo.es/es/docencia/tfg/>) indicando o tipo de tribunal que van solicitar (individual ou colexiado). Recibirán unha confirmación de que se recibiu a documentación. De non recibila nun prazo de dous días hábiles dende que se enviou o correo á Secretaría do Decanato, **rógase que se poñan en contacto coa mesma**, ben por correo electrónico ou por teléfono no número 986812402.

IMPORTANTE: O TFG ten que presentarse nun arquivo coa portada e coas normas de estilo que están publicadas na web da Facultade.

SOLICITUDE DE DEFENSA

Unha vez que o/a titor/a emita informe favorable, o/a alumno/a ten que solicitar a defensa a través da súa secretaría virtual. O prazo, de acordo co calendario oficial, é **entre o 7 e o 10 de novembro**. Na solicitude de defensa deberedes indicar tamén o tipo de tribunal que escollistes: Titor, se escollístedes tribunal individual ou colexiado no caso de que esta fose a escolla.

Aínda que no resgardo da solicitude de defensa que emite o programa poña que tedes que presentar una copia presencialmente no Decanato, **NON HAI QUE FACELO**.

DEFENSA DO TFG

1. O día **16 de novembro** publicarase na web da Facultade o horario de defensa dos traballos e o espazo virtual no que van ser defendidos. Lembra de que a defensa é pública aínda que se optara por “avaliación polo titor”.

2. Segundo o calendario aprobado, o acto de defensa do TFG será o día **23 de novembro**. Na aula virtual que se asigne e no horario establecido, o/a alumno/a disporá de 10 minutos para defender o seu traballo. A continuación, a persoa titora ou o tribunal colexiado, segundo a elección feita polo/a alumno/a, poderá facer as preguntas ou consideracións que estime oportunas.